REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 18388 (10/POC-003052)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a denuncia dunha xornalista da RTVG referida ás instrucións recibidas respecto da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo xihadista en Marrocos e Marbella
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

1.2 18672 (10/POC-003092)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre o procedemento e os obxectivos da determinación dos itinerarios de capacitación asignados a cada categoría profesional nos cursos de formación impartidos ao persoal da CRTVG con motivo do proceso de dixitalización que está a afrontar esa compañía e a incidencia desas novas capacitacións para a nova clasificación profesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

1.3 18738 (10/POC-003100)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a cobertura informativa dada pola TVG e a Radio Galega aos incendios rexistrados en Galicia o día 15 de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

1.4 19303 (10/POC-003169)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017

1.5 19911 (10/POC-003252)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o tratamento informativo dado na TVG a casos de corrupción

PARLAMENTO
DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretaria

Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 18388(10/POC-003052)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a denuncia dunha xornalista da RTVG referida ás instrucións recibidas respecto da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo xihadista en Marrocos e Marbella

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18388
Data envio: 06/10/2017 14:28:01.508

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da RTVG.

O comité de empresa da CRTVG vén de facer público un novo caso de manipulación informativa.

Neste caso, e logo da posta a disposición aos traballadores e traballadoras por parte dese comité dun protocolo de actuación ante as denuncias de manipulación informativa, unha xornalista denunciou que foi obrigada a retirar da súa noticia a referencia a que un detido nunha operación contra o terrorismo xihadista mantivera vínculos co Partido Popular.

No marco dunha operación que concluíu coa desarticulación dunha célula xihadista en Marrocos e Sevilla, un dos detidos mantivera a condición de afiliado ao Partido Popular de Melilla, condición que foi destacada (entendemos que por ser relevante) pola práctica totalidade dos medios de comunicación.

Segundo a denuncia, unha xornalista recibiu a instrución, ditada polo xefe de informativos da tarde, de eliminar esa referencia na súa nova cando estaba en directo e, ademais, foille retirado o encargo (habitual por outro lado) de reelaborar a nova para o informativo matinal do día seguinte.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten iniciada a CRTVG algunha investigación sobre este feito.

2ª) De ser afirmativa a resposta á pregunta anterior, que se concluíu?

3ª) De ser negativa, porque non se investigou ese feito?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18388
Data envio: 06/10/2017 14:28:01.508

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

4ª) Que valoración fai a dirección da situación exposta?

5ª) Considera aceptable que se interrompa a unha profesional nunha emisión en directo para limitarlle a súa liberdade profesional fundada na súa profesionalidade?

6ª) Considera que esta actuación ten un evidente sesgo político?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/10/2017 14:27:13

Noela Blanco Rodríguez na data 06/10/2017 14:27:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 18672(10/POC-003092)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre o procedemento e os obxectivos da determinación dos itinerarios de capacitación asignados a cada categoría profesional nos cursos de formación impartidos ao persoal da CRTVG con motivo do proceso de dixitalización que está a afrontar esa compañía e a incidencia desas novas capacitacións para a nova clasificación profesional

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18672
Data envio: 11/10/2017 16:02:31.763

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.

Na anterior comparecencia en Comisión de Control da CRTVG, o 28 de setembro de 2017, o Director Xeral manifestou que a información facilitada aos traballadores da CRTVG sobre os cursos de formación que se impartirían, con motivo do proceso de dixitalización que está afrontando a empresa pública, era "clara e extensa".

Dende En Marea cónstanos que non foi así, senón que a información foi parcial, de xeito que non tiveron unha visión de conxunto e, cando foron quen de tela, detectaron que os itinerarios de capacitación asignados a cada categoría profesional non se correspondían coas actuais funcións propias das mesmas.

Este feito está a producir una gran inquietude nalgúns colectivos de traballadores, coma a dos editores-montadores de vídeo, que consideran o seu futuro ameazado.

Polo exposto, en Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Como, e con que obxectivo, se determinou cal sería o itinerario formativo de cada categoría nas novas ferramentas dixitais?

2.ª) Esas novas capacitacións serán determinantes para a nova clasificación profesional?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18672
Data envio: 11/10/2017 16:02:31.763

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/10/2017 14:35:47

Paula Vázquez Verao na data 11/10/2017 14:36:15

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 18738(10/POC-003100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a cobertura informativa dada pola TVG e a Radio Galega aos incendios rexistrados en Galicia o día 15 de outubro de 2017

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2017 10:21
Nº Rexistro: 18738
Data envio: 16/10/2017 10:21:41.680

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre a cobertura informativa da xornada de incendios do 15 de outubro.

Na xornada do 15 de outubro de 2017 Galiza ardía polos catro puntos cardinais. Desde o sábado, até 80 incendios contabilizados. No momento en que rediximos estas preguntas para resposta oral na Comisión de seguimento e control da CRTVG, hai 14 lumes activos e situación 1 decretada en todo o país pola vaga de incendios. Así mesmo, chegou a haber 14 concellos do país en situación 2 pola proximidade das lapas ás parroquias e vivendas, tres persoas falecidas e ducias familias desaloxadas.

Porén, a TVG e a RG continuaron coa súa programación habitual durante todo o domingo. No tocante á televisión pública, mantívose a reposición do Luar e o LandRober sen que en ningún momento se fixese un avance informativo do que estaba a acontecer no país. De facto, o vicepresidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, e a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, desprazados en Pazos de Borbén, no punto de coordinación, fixeron declaracións en directo para TVE que foron emitidas a través da canle 24 horas.

A Radio Galega informou a través da súa conta oficial en Twitter que iniciarían un programa especial a partir das 20h e as 23h. Como así foi.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2017 10:21
Nº Rexistro: 18738
Data envio: 16/10/2017 10:21:41.680

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na TVG só fixeron un avance informativo ás 20h de apenas 7 minutos con información dos focos e declaracións da UME en directo desde Pazos de Borbén e do presidente da Xunta de Galiza desde o centro de coordinación de Emerxencias, para posteriormente continuar co LandRober até os Telexornal Serán. Posteriormente, iniciouse un servizo informativo extraordinario, porén isto aconteceu ás 23 horas, perante as críticas e peticións masivas, mesmo de actores da serie que se estaba a emitir, Serramoura.

Sorprende que os medios públicos de Galiza non interrompesen a súa programación (nin sequera nos bloques publicitarios) mesmo que for, como ten acontecido noutras ocasións, con pequenos avances informativos pois, malia que nas contas oficiais da CRTVG nas redes sociais e na páxina web se actualizaron os contidos cun 'Minuto a minuto', unha situación desta magnitude exixe dun seguimento a través das canles principais que dan cobertura ao conxunto da poboación en tanto que servizo público máis se cabe en momentos nos que se estaban a producir cortes nas estradas e unha importante tensión.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión de seguimento e control da CRTVG:

1. Como valora a Dirección Xeral da CRTVG a cobertura informativa dos incendios que tiveron lugar na Galiza na fin de semana do 14 e 15 de outubro, especialmente na xornada do domingo?

2. Canto persoal estivo traballando, en redacción, estudos e sobre o terreo, na cobertura informativa dos incendios do 15 de outubro?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2017 10:21
Nº Rexistro: 18738
Data envio: 16/10/2017 10:21:41.680

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Por que razón non foi interrompida a programación da primeira canle da TVG? Que tiña que ter acontecido para que fose interrompida?

4. Despois do acontecido, fan algunha autocrítica? Prevén adoptar algún tipo de medida ou protocolo para que os medios públicos galegos estean á altura das necesidades e prioridades informativas do país?

5. Valora a CRTVG destinar unha canle, como acontece noutras corporacións e compañías (TVE, TV3), aos servizos informativos 24 horas?

Santiago de Compostela, 16 de Outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2017 10:21:07

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2017 10:21:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2017 10:21
Nº Rexistro: 18738
Data envio: 16/10/2017 10:21:41.680

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2017 10:21:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2017 10:21:16

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2017 10:21:17

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2017 10:21:19

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 19303(10/POC-003169)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega

Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2017 17:59
Nº Rexistro: 19303
Data envio: 23/10/2017 17:59:23.773

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.**

O Xefe de Redacción da Radio pública Galega, Luís Ojea, escribe un artigo no xornal ABC titulado *"Carroñeros de la desolación"*, publicado o luns, 23 de outubro de 2017, un día despois de que miles de persoas se manifestaran polas rúas de Compostela esixindo responsabilidades políticas pola deficiente xestión dos incendios e contra as políticas depredadoras do PP.

No artigo, Luís Ojea, emprega descualificacións e xuízos de valor intolerables para referirse aos colectivos convocantes da manifestación como "caverna", "gentuza", "tropa" ou "inframundo" ou "carroña": *"No nos engañemos. A esta tropa no le importa el monte gallego ni que haya incendiarios que lo quemen. Lo único que les preocupa es la conflictividad social, alimentar su estrategia de movilización permanente en la calle. La democracia representativa les aburre. Y cualquier excusa es buena para la algarada contra el sistema"*, recolle o xefe de redacción da Radio pública galega no artigo de opinión.

Tamén di rexeitar as posicións partidarias e "*con réditos electoralistas"*, mentres bota man do argumentario do PP para falar de "*terrorismo incendiario*". "*Mientras Galicia luchaba contra la peor ola de terrorismo incendiario de la última década, ese inframundo andaba echando cuentas del rédito político que le podían sacar a la catástrofe*", di o señor Ojea.

Non é a primeira vez que o Xefe de Redacción da Radio Pública Galega emprega

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2017 17:59
Nº Rexistro: 19303
Data envio: 23/10/2017 17:59:23.773

este estilo insolente e irrespectuoso, fundamentalmente, contra as forzas políticas de esquerda e os seus representantes ou coma, neste caso, cos movementos sociais que son críticos co partido no Goberno. Hai exemplos constantes de artigos neste sentido, como son "Que tropa!" (agosto de 2017) dedicado ao PsdeG cos mesmos descalificativos de "tropa" ou "banda"; ou "A ver si nos enteramos" (febreiro de 2016) no que tilda a Xosé Manuel Beiras de "prepotente "con ego "hipertrofiado" e demais desprezos.

Polo exposto, os deputados que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Considera o Director Xeral da CRTVG que esta persoa está en condicións de exercer con imparcialidade as súas funcións como Xefe de Redacción da Radio Pública Galega?

2.ª) Parécelle oportuno que un profesional que desempeña esa responsabilidade se dedique de xeito simultáneo a verquer ese tipo de opinións tendenciosas noutro medio de comunicación privado galego?

3.ª) Tomou ou pensa tomar, como director xeral da CRTVG, algún tipo de decisión ao respecto, como o cese das funcións de Luis Ojea como Xefe de Redacción de Informativos da Radio pública Galega?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2017 17:59
Nº Rexistro: 19303
Data envio: 23/10/2017 17:59:23.773

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/10/2017 17:55:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/10/2017 17:55:35

Paula Vázquez Verao na data 23/10/2017 17:55:44

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 30.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 19911(10/POC-003252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o tratamento informativo dado na TVG a casos de corrupción

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19911
Data envio: 08/11/2017 14:24:54.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, relativa ás informacións de corrupción que atinxen o Partido Popular e que a TVG omitiu.

O 6 de novembro de 2017 coñeciamos que o TSXG ratificou a condena contra o anterior Goberno do PP en Verín cando o dirixía o actual senador, Juan Manuel Jiménez Morán, quen prorrogou ilegalmente unha licencia concedida a un ex-alto cargo do Goberno de Alberto Núñez Feijóo e ex-secretaria xeral de Turismo, Carmen Pardo.

Unha infracción urbanística "moi grave" segundo o TSXG toda vez que o Plan urbanístico polo que se autorizara a licenza de obra inicialmente fora anulado.

Porén, nos informativos da TVG (Mediodía e Serán) non se informou deste feito.

De igual maneira, o inspector xefe da UDEF e instrutor da Operación Gürtel, Manuel Morocho, o día 7 de novembro de 2017 confirmou na Comisión constituída nas Cortes españolas para investigar o financiamento ilegal do Partido Popular que "indiciariamente" o actual presidente do Goberno español, Mariano Rajoy, cobrou –ao igual que Trillo e Álvarez Cascos-- da caixa B xestionada polo daquela responsábel de Finanzas do Partido Popular, Luís Bárcenas.

Ao igual que no anterior caso, a TVG non informou disto –nin no Telexornal Mediodía nin no Serán-- malia estar a falar dunha fonte oficial (o máximo responsábel

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19911
Data envio: 08/11/2017 14:24:54.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da investigación) e as acusacións atinxiren, nada máis e nada menos que o presidente do Goberno de España.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:

- Por que non informou a TVG dos casos de corrupción que atinxen o ex-alcalde de Verín e actual senador do PP e o presidente do Goberno de España, presidente tamén do PP?

- Cre que unha Corporación que debe prestar un servizo público e que é financiada nun 90% con fondos procedentes dos Orzamentos públicos da Xunta de Galiza, cumpre cos obxectivos que legalmente ten estabelecidos?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19911
Data envio: 08/11/2017 14:24:54.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2017 14:24:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2017 14:24:31

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2017 14:24:35

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 14:24:37

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2017 14:24:39

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2017 14:24:40